

Escola Vicenciana

A Nosa Escola defínese como un Centro Católico das Fillas da Caridade, que basea o seu estilo educativo no Carisma dos seus fundadores, Vicente de Paúl e Luísa de Marillac.

Como Escola Vicenciana, comprométese a un ensino de calidade cun estilo propio, que intenta facer presente a Boa Nova do Evanxeo a todos, ofrecendo unha atención preferencial aos máis necesitados.

Ten como obxectivo a formación integral dos alumnos de acordo cunha concepción cristiá do home, da vida e do mundo; prepáraos para participar activamente na transformación e mellora da sociedade.



Principios inspiradores do estilo educativo da Escola Vicenciana

1. **Opción polos máis débiles** no seu nivel económico, capacidade intelectual ou outro tipo de limitación.
2. **Vivencia dos valores evanxélicos**, a través dos cales revelamos que Deus nos ama.
3. **Compromiso pola xustiza e a solidariedade universal**, cunha participación activa na transformación e mellora da sociedade.
4. **Relacións e clima educativo** baseados na sinxeleza.
5. **Respecto á vida e á natureza**, fomentando a responsabilidade ante o progreso da ciencia e a tecnoloxía.



Saber máis para servir mellor



CARÁCTER PROPIO DOS CENTROS
EDUCATIVOS VICENCIANOS DE ESPAÑA



Acción educativa

Os **Principios Inspiradores** animan á acción educativa baseada nunha **pedagogía aberta, flexible e construtiva**, que se adapta ás necesidades dos alumnos e que incorpora as innovacións didácticas que a calidade educativa esixe.

En coherencia con estes principios, favorecemos os seguintes aspectos:

Educación integral

- Desenvolvemento harmónico de todas as dimensións e competencias do alumno, para que chegue ao máximo das súas posibilidades.
- Proxectamos a educación máis alá da aula a través de actividades extraescolares conectando coa vida.

Escola inclusiva

- Atende a cada persoa de forma individual, segundo as súas intelixencias, os seus intereses e os seus progresos.
- Apertura e formación no respecto á pluralidade étnica, cultural e relixiosa para promover a integración social.



Aprendizaxe servizo

- Compromiso, desde os valores evanxélicos, para a construción dunha sociedade máis humana e máis xusta.
- Análise da realidade con sentido crítico.
- A aprendizaxe capacita ao alumno para servir mellor.

Metodoloxía innovadora

- Proposta pedagóxica innovadora e de calidade ao alcance de todos os alumnos.
- Renovación metodolóxica que motive e esperte nos alumnos o compromiso e a paixón por aprender.
- Estilo dinámico mediante a continua formación e actualización do profesorado.


Relacións cercanas e de colaboración

- Ambiente educativo fraterno que supón sinxeleza, acollida, confianza e alegría.
- Presenza dos educadores baseada nunha relación de cercanía, dispoñibilidade e cun estilo educativo coherente.



Competencia espiritual

- Propón, educa e acompaña a experiencia relixiosa cristiá.
- Fai unha proposta explícita da fe en Xesús e a aposta polo seguimento.



Cultura organizativa

A cultura organizativa dos centros vicencianos define o estilo de vivir e convivir dentro dos nosos equipos e comunidades, o noso estilo de traballo, a nosa forma de afrontar os conflitos, de tomar decisións, o noso estilo pedagóxico, os nosos métodos, as nosas formas e a nosa estética.

Por iso optamos por:

- Unha cultura baseada na innovación, a mellora continua, a enerxía, as persoas e os equipos.
- Estructuras multidireccionais, de alto rendemento, baseadas na autonomía das persoas.
- Un paradigma asertivo para afrontar os conflitos, que reforcen o positivo e potencien a negociación.
- Equipos orientados ás sinerxias, formados desde a confianza persoal.
- Centros con intelixencia emocional, que melloren o benestar e o crecemento de todas as persoas, no só dos alumnos.

Colabora:



Comunidade educativa

A relación constante entre **pais, profesores, alumnos, persoal de administración e servizo e entidade titular**, en ambiente de coresponsabilidade, dá coherencia y fecundidade á acción educativa e contribúe a conseguir un bo nivel de formación.

Formar parte da Comunidade Educativa compromete a:

- Compartir e achegar, con espírito de servizo, as competencias e habilidades.
- Construír unha comunidade viva na que todos busquen o ben dos demais.
- Potenciar a integración e participación da COMUNIDADE EDUCATIVA, para chegar a ser comunidades abertas e dispoñibles.